

MEMORIA ECONÓMICA DO PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DETERMINAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PRAZAS E BOLSAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DESTA CONSELLERÍA

De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, correspóndelle a dito órgano superior da Xunta de Galicia propoñer e executar políticas de xuventude e voluntariado, a través do órgano de dirección con competencias en materia de xuventude, que asume o exercicio de ditas competencias e funcións. Neste marco de fomento da actividade xuvenil, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dispón dunha serie de instalacións entre as que se atopan as residencias xuvenís, concretamente tres: o Centro Residencial Xuvenil LUG en Lugo, a Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas en Ourense e a Residencia Xuvenil Altamar en Vigo (Pontevedra).

Coa finalidade de facilitar o uso das residencias xuvenís ás persoas mozas estudantes e/ou traballadoras e favorecer o acceso ao ensino universitario ou ciclos formativos de grao superior das persoas estudantes con escasos recursos e, ao mesmo tempo, dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial ás residencias xuvenís, esta Consellería aproba anualmente unha convocatoria para a concesión de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería.

O número de prazas residenciais convocadas e a súa distribución por residencias para os procedementos BS303B (persoas estudantes non bolseiras) e BS303D (persoas traballadoras) e BS303C (persoas estudantes colaboradoras bolseiras) será o que se determine na convocatoria correspondente para cada curso académico.

Para o caso de que non se cubran todas as prazas reservadas para persoas que desenvolvan unha actividade profesional (BS303D) ou para persoas estudantes colaboradoras bolseiras (BS303C) coas solicitudes presentadas en prazo, as prazas restantes ofertaranse a persoas estudantes non bolseiras (BS303B).

Do total de prazas resérvanse 2 para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen e/ou persoas mozas cun expediente de protección aberto. A distribución de prazas para esta reserva será a que se determine nas correspondentes convocatorias.

O Complexo Residencial LUG, en Lugo, a Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas en Ourense e a Residencia Xuvenil Altamar en Pontevedra, propiedade da Xunta de Galicia, funcionan como residencias para persoas estudantes durante o curso académico e como albergues integrados na REAJ (*Red Española de Albergues Juveniles*), agás o LUG, no que se externalizou o seu funcionamento como albergue (LUG II), de xeito que o LUG I, a parte non externalizada, funciona exclusivamente como residencia de persoas estudantes.

As actuacións recollidas nesta orde para as persoas estudantes colaboradoras bolseiras constitúen unha subvención en especie que se financiará con cargo ao gasto corrente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. O obxecto da axuda en especie é a redución no custo habitual das estadías. As persoas bolseiras non abonan o prezo mensual pero teñan a obriga de participar en todas as tarefas e labores relacionados coa dinamización da residencia xuvenil en actividades de información xuvenil, biblioteca, informática e deportes, entre outras e deben achegar un proxecto das actividades a realizar na residencia xuvenil centrado nos ámbitos da información xuvenil, participación e dinamización e convivencia que responderá ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- a) Difundir entre as persoas residentes a información relativa a actividades impulsadas desde a Xunta de Galicia que poidan ser de interese para a xuventude.
- b) Fomentar a participación das persoas residentes nos programas e actividades impulsados desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- c) Propoñer e dinamizar actividades para realizar na residencia xuvenil centradas nas áreas do lecer e tempo libre, novas tecnoloxías, cultura e deporte.



- d) Incentivar un bo clima de convivencia entre as persoas residentes.
- e) Apoiar as persoas residentes durante a súa estadía na residencia xuvenil.
- f) Apoiar o bo funcionamento da residencia xuvenil a través da execución do seu proxecto.

Os ingresos destas residencias derivan do pagamento do correspondente prezo por parte das persoas estudantes non bolseiras e/ou traballadoras que alí residen durante o curso escolar. De conformidade coa Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, (DOG núm. 67 do 8 de abril de 2016).

Os gastos son os que se derivan do funcionamento ordinario das residencias (Cap. II: contratos de mantemento, limpeza e vixianza, gastos de alimentación, reparacións varias, subministros eléctricos, de auga, combustibles, etc., todos eles gastos imputables ao capítulo II do orzamento de gastos, así como a diversas subministracións, que se xestionan polos Departamentos territoriais con cargo a provisións trimestrais de fondos a xustificar nos artigos 21 e 22 do orzamento de gastos desta dirección xeral no mesmo programa), e que dependen en certa medida, igual que os ingresos, da súa ocupación.

En canto ás comisións cualificadoras prevista no artigo 11 da orde non orixinará ningún tipo de gasto, dado que a valoración das solicitudes se realizará por persoal propio dos Departamentos territoriais e as persoas titulares da dirección de cada residencia xuvenil.

Para obter os datos económicos necesarios partimos dunha previsión de ocupación total das prazas ofertadas no curso anterior e a aplicación de prezos distintos segundo o tipo de habitación da residencia, dobres ou cuádruplas:

- a) Habitacións dobres: 324 €/mes
- b) Habitacións cuádruplas: 250 €/mes

Este tipo de habitacións só se ofertarán no Centro Residencial Xuvenil LUG.

Residencia	Total prazas	Nº medio meses*	Prezo/mes	Ingresos
Centro Residencial Xuvenil "LUG"	77	10	250 €*	192.500 €
Florentino López Cuevillas	55	10	324 €*	178.200 €
Altamar	86	10	324 €*	278.640 €
TOTAL	218 prazas			649.340€

* De xaneiro a xullo (7 meses) e de setembro a decembro (4 meses)

* A previsión de ingreso calcúlase sen considerar as prazas das persoas estudantes bolseiras. As actuacións recollidas na orde para as persoas estudantes colaboradoras bolseiras constitúen unha subvención en especie que se financiará con cargo ao gasto corrente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Establécese unha contraprestación para a persoa bolseira consistente na obriga de participar en todas as tarefas e labores relacionados coa dinamización da residencia xuvenil en actividades de información xuvenil, biblioteca, informática e deportes, entre outras.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

A directora xeral de Xuventude

Lara del Carmen Meneses Álvarez

